



LOIS PEREIRO. NÁUFRAGO DO PARAÍSO

Biografía e Antoloxía

Marcos Calveiro


Fóra de Xogo (1365133)

160 páxinas

ISBN: 978-84-9914-204-3

P.V.P: 10,70 €

NOVIDADES FEBREIRO 2011



« LOIS PEREIRO. NÁUFRAGO DO PARAÍSO » BIOGRAFÍA E ANTOLOXÍA DE MARCOS CALVEIRO

UNHA BIOGRAFÍA QUE SE COMPLETA CUNHA DETALLADA CRONOLOXÍA, UN CADERNO FOTOBIOGRÁFICO E UNHA ANTOLOXÍA POÉTICA DE LOIS PEREIRO,
 AUTOR HOMENAXEADO O 17 DE MAIO DE 2011.

Coma se do falso guión dun filme imaxinario se tratase, esta biografía amosa algunha das escenas de vida do poeta Lois Pereiro. A súa infancia e adolescencia nese universo todo que foi para el o seu Monforte natal. Aqueles anos de Loia en Madrid, nos que percorreu os camiños do entusiasmo e da fatalidade. As viaxes europeas na procura de acordos e descubertas. Os últimos días na Coruña, cando intentaba vivir onde o vento sopraba. A familia, os amigos, a paixón, a escrita artellan este emocionante relato miniado con agarimo e admiración polo escritor Marcos Calveiro. Unha biografía que se completa cunha detallada cronoloxía, un caderno fotobiográfico e unha antoloxía poética do autor homenaxeado o 17 de maio de 2011.

Marcos Calveiro (1968), neto de feirantes taberneiros, vive en Vigo, onde desenvolve a súa actividade profesional como avogado. Deuse a coñecer como narrador coas novelas xuvenís *Sari soñador de mares* (2006) e *Rinocerontes e quimeras* (2007), a primeira traducida ao catalán e a segunda ao castelán e ambas as dúas moi ben valoradas pola crítica. En 2007 recibiu o XVIIIº Premio Ala Delta de Literatura Infantil por *O carteiro de Bagdad*, novela editada en galego e castelán, que logo recibiría o Premio White Ravens en 2008. Máis recentemente, mereceu o Premio Barco de Vapor de Literatura Infantil 2008 por *O canto dos peixes* (2008) e o Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2009 e Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil, 2010 pola novela *O pintor do sombreiro de malvas* (Xerais 2010). En 2011 publica *Lois Pereiro. Náufrago do paraíso* (Xerais 2011). En Xerais Narrativa leva publicadas dúas novelas: *Festina lenta* (2008) Premio da Crítica 2008 (narrativa), Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Narrativa adultos, Autor do ano, 2008 e Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano 2009 e *Settecento* (2010). Como poeta publicou *Cartas do terceiro día* (2007), VIIº Premio de Poesía Concello de Carral. Mantén aberto o blog *Alfaías* <http://alfaias.blogaliza.org>.